



... Ordenanzas y Reglamentos

Nueva Búsqueda

Cee - MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DAS TAXAS POR RECIBIR ENSINO NAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE CEE

Publicación provisional : 19-07-2004 BOP Nº 164 -- Publicación definitiva : 07-09-2004 BOP Nº 207

Redacción Aplicable desde 21-09-2012

Redacciones

- Artigo 1º.-Fundamento e natureza
- Artigo 2º.-Feito Impoñible.-
- Artigo 3º.-Devengo
- Artigo 4º.-Suxeitos pasivos
- Artigo 5º.- Responsables.
- Artigo 6º.- Tarifas.-
- Artigo 7º.-Normas de Xestión.-
- Artigo 8º.-Exencións e bonificacións.-
- Artigo 9.-Infraccións e sancións.-
- DISPOSICION FINAL.

Artigo 1º.-Fundamento e natureza

Este Concello conforme ó autorizado polo artigo 106 de la Ley 7185 de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local e de acordo co previsto no artigo 20.4,v) del RDL 2/2004 Regulador de las Haciendas Locales, establece a Taxa por ensinos especiais en establecementos docentes das Entidades Locais, que se regulará pola presente Ordenanza, redactada conforme ó disposto no artigo 16 do Real Decreto citado.

Artigo 2º.-Feito Impoñible.-

Constitúe o feito imoñible deste tributo, a prestación polo Concello de Cee dos servizos das escolas deportiva se das actividades físico-deportivas destinadas á totalidade dos veciños do municipio.

Prestaranse os servizos de ensinanza de: educación física de base, escolas deportivas municipais de fútbol sala e de patinaxe e ximnasia de mantemento para adultos así coma outros que se estime oportunos instaurar de igual ou similar natureza.

Artigo 3º.-Devengo

A taxa se considerará devengada ,nacendo a obrigación de contribuír coa iniciación da prestación do servizo,que será no momento en que se formalice a correspondente matrícula.

Artigo 4º.-Suxeitos pasivos

Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades as que se refire o artigo 35 da Ley General Tributaria, que soliciten ó servizo para as persoas beneficiarias do servizo.

Artigo 5º.- Responsables.

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 41 e seguintes da Ley General Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades ou síndicos, sociedades ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeneral, nos supostos y co alcance que sinala a Ley General Tributaria.

Artigo 6º.- Tarifas.-

O Importe das Taxas reguladas nesta Ordenanza Fiscal será a fixada na tarifa seguinte:

- 1.Poboación infantil: 40€ curso (20€/cuadrimestre)
2. Poboación adulta
 - Ximnasia mantemento adultos Cee (3 días/semana): 84€ curso (42€/cuadrimestre)
 - Ximnasia mantemento adultos Parroquias (2 días/semana): 64€ curso (32€/cuadrimestre).
 - Actividade física para maiores de 65 anos: 20€ curso (pago único).

Á tarifa anteriormente sinalada, se lle engadirán en todo caso, as taxas ou prezos públicos que poidan fixar en uso da súa competencia a Administración da Comunidade Autónoma e que baixo ningún concepto se considerarán ingresos deste Concello.

Artigo 7º.-Normas de Xestión.-

1. .-Os interesados na prestación deste servizo deberán presenta-la solicitude de matrícula non prazos que se fixen cada ano por Decreto da Alcaldía.

2. A cota é obrigatoria dende o día 1 ó 5 do mes de outubro e do 1 ó 5 de febreiro nas tarifas cuadrimestrais, ou aquel en que teña lugar a reincorporación ou alta, debendo satisfacerse nas contas abertas a nome do concello en calquera entidade colaboradora ou, no seu caso, na Tesourería da Corporación (en casos excepcionais e a criterio da Tesoureira). No caso de alta a cota será proporcional os meses ou fracción que falten para o termo da actividade.

3. En calquera momento e a requirimento da Intervención, o responsable das actividades poderá esixir ós suxeitos pasivos da taxa os xustificantes das liquidacións efectuadas, que non consten na Tesourería deste Concello.

Articulo 8º.-Exencións e bonificacións.-

Non se poderán recoñecer outros beneficios fiscais na presente taxa que os expresamente previstos en normas con rango de lei ,os derivados dos tratados internacionais, e os convenios de persoal vixentes neste Concello.

Artigo 9.-Infraccións e sancións.-

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Ley General Tributaria e demais normativa aplicable.

DISPOSICION FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a rexer a partir do curso 2012-2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.